



O **Concello de Ribadeo**, xunto cos negocios locais da vila, lanza o programa Viveo Máis coa misión de impulsar un modelo turístico máis sostible.

Os **obxectivos** son 5:

- 1 **Sensibilización** de negocios, comunidade e visitantes sobre o impacto e as oportunidades do turismo Sostible .
- 2 Posta en valor dos **negocios comprometidos** e as mellores prácticas.
- 3 Impulso aos **negocios locais** na adopción de medidas máis sostibles.
- 4 Colaboración e **creación de rede** entre negocios turísticos e outros sectores.
- 5 Reforzo de **Ribadeo como destino sostible**, atraendo actividades e persoas que opten por un turismo de alta calidade, innovador, rexenerativo e consciente.

¿Queres saber como vivir unha experiencia máis sostible no noso territorio?

Os establecementos adheridos comprométese a apoiar un turismo máis sostible e máis responsable a través da implementación de 12 **medidas concretas** das 35 do programa nas experiencias que ofrecen e nos seus procesos internos. Ademais todos os establecementos cumpren con 5 requisitos obrigatorios.

As 35 medidas do programa estrutúranse en 4 retos clave que representan os grandes desafíos do impacto ambiental e social do turismo:

Desenvolvemento do territorio

O turismo é unha fonte de riqueza económica no territorio. Ten a capacidade de actuar como **motor de desenvolvemento**, sobre todo se aposta por un modelo de proximidade, local e colaborativo, que poña en valor e protexa o patrimonio cultural e natural.

Todos os negocios que participan no programa están **comprometidos co territorio**.

Os **restaurantes** adheridos traballan con produtores de proximidade.

Os **aloxamentos** ofrecen aos visitantes referencias de negocios locais, como restaurantes, actividades na natureza ou turismo activo.

Estas accións contribúen a afrontar desafíos como a despoboación do medio rural ou o desemprego.

Recursos naturais e biodiversidade

A biodiversidade e o patrimonio natural son un atractivo único para un destino sostible. Se non os protexemos entre todos, o consumo de recursos, a construción de infraestruturas ou a xeración de residuos poden ameazar a **riqueza dos ecosistemas** terrestres e mariños.

Os **restaurantes** informan do calendario de produtos en veda para que os clientes saiban recoñecer os que poden ser consumidos nese momento. A veda debe ser respectada por lei, pero é necesaria a concienciación e a colaboración dos consumidores para coñezan que e por que está na carta.

Os **aloxamentos** participantes ofrecen información sobre recursos turísticos do territorio para evitar aglomeracións, xa que a masificación e o consumo intensivo de recursos poñen en risco os ecosistemas.

Cambio climático

Estimase que o turismo supón o 8%^[1] das emisións globais de gases de efecto invernadoiro. Por outra banda, o sector é **especialmente vulnerable** ao impacto dos efectos do cambio climático.

Diferentes medidas poden contribuír a reducir a nosa pegada de carbono.

Os **restaurantes** do programa ofrecen na súa carta produtos estacionais, respectando os ciclos naturais das estacións dos lugares onde se producen e reducindo a contaminación da produción, transporte e conservación.

Os **aloxamentos** participantes toman medidas concretas de redución de consumo de enerxía na climatización, unha das principais fontes de emisións no turismo.

[1] Stefan Gössling, "New performance indicators for water management in tourism", Tourism Management, vol. 46 (February 2015), pp. 233-244.

Economía circular

A Economía Circular é un modelo que crea un **fluxo de recursos circular** rexenerando, retendo e aumentando o seu valor, fronte ao modelo lineal baseado en producir, consumir e desbotar. O turismo, cun alto consumo de recursos e de xeración de residuos, atopa na aplicación de solucións circulares vías para **reducir a súa pegada**.

Os **locais** de Viveo Máis recollen de forma separada os seus residuos, paso imprescindible para a súa reciclaxe: vidro, papel e cartón, pilas e baterías, aceite usado e plásticos.

Na **hostalaría** aconséllanse sobre o tamaño das racións para consumir responsablemente, xa que os excedentes alimentarios son un dos maiores retos do sector.

Os **aloxamentos** informan de forma activa sobre o uso dos recursos de forma responsable, xa que a colaboración dos clientes e consumidores é fundamental na transición circular.

¿Queres coñecer as accións dos establecementos que participan no programa?

Podes consultar as súas iniciativas [aquí](#).

Todos podemos contribuír a un turismo máis consciente e responsable

Nós, os **clientes**, temos a capacidade de xerar un cambio co **poder das nosas eleccións**. O compromiso do turismo local non é suficiente: necesitamos da túa colaboración para que a túa pegada na contorna sexa positiva.

Lembra na túa visita a Ribadeo

Reduce o teu impacto: Viveo Máis

Si queres facer achegas ou compartir a túa opinión podes facelo a través do email adl@ribadeo.org, chamando ao [982128650](tel:982128650) (Área de Desenvolvemento Local) ou [aquí](#).

Compromiso local por un turismo máis **sostible**

Concello de

Ribadeo 